

DÍA INTERNACIONAL DA POESÍA

Tiña pensado escribir un poema de celebración esta mañá. Non fun capaz. Flotaban na atmosfera partículas paralizantes que se coaban entre os dedos. Todo era morte e destrución ó redor. As palabras eran larvas que obturaban os sentidos. Non había ningunha posibilidade de poder traspasar a sucia realidade da guerra.

Tiven o presentimento de que me quedaba pouco por vivir. Non tardaría moito en chegar ás liñas inimigas do esquecemento, onde se libran as peores batallas. Non había ningunha posibilidade de fuxir. Todo era dor. Destrución. O poema repregouse no ínfimo.

Lembrei que tiña que limpar os versos que recollera un día antes do desastre na lonxa alentadora da poesía. Non sei se foi unha ilusión óptica ou estaban vivos realmente, mais sentín que os seus ollos me suplicaban, cunha mestura de tristura e espanto, quitarlles todo o lixo que lles entupía as branquias.

Apliqueime naquel “aínda” que quedaba coa determinación destemida de quen loita contra o tempo sen nada que perder. Tiña a seguranza de que non podía devolverlles a vida, mais si asistilos no último tránsito coa cápsula de aire limpo dun poema.

Hai unha zona no traxecto
na que nada ten sentido,
porque todo ten sentido!



(Fotografía de Fernando Barbeyto Nistal)